

INFORME RELATIVO ÁS EXENCIÓNS E REDUCIÓNS DOS PREZOS DE MATRÍCULA DE MICROCREDENCIAIS UNIVERSITARIAS FINANCIADAS NO MARCO DO PRTR E O PROCEDEMENTO DE CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS.

O técnico da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, a petición da Vicexerencia Xeral Técnica, emite o presente informe en Santiago de Compostela, o 5 de decembro de 2025.

1. OBXECTO.

O presente informe ten por obxecto dar resposta á consulta relativa a se procede aplicar o procedemento de convocatoria pública de subvencións no suposto de exencións e reducións dos prezos de matrícula de microcredenciais universitarias, financiadas no marco do *Plan de acción para o desenvolvemento de microcredenciais universitarias* (PLAN MICROCREDS) do *Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia* (PRTR). Así mesmo, analízase a cuestión relativa a se é necesaria a emisión da *Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses* (DACI) do estudantado de microcredenciais beneficiario das ditas exencións e reducións.

Anticípase que, en relación coa consulta formulada, a conclusión é negativa: as exencións e reducións dos prezos públicos están excluídas do concepto xurídico de subvencións, o que determina a improcedencia do procedemento de convocatoria pública de subvencións para o recoñecemento de exencións ou reducións dos prezos de matrícula. Consecuencia disto, e da ausencia do exercicio de facultades decisorias no recoñecemento das exencións ou reducións dos prezos de matrícula, non é necesaria a emisión da DACI do estudantado de microcredenciais universitarias que resulten beneficiarios destas bonificacións porque non concorren os requisitos esixidos pola normativa reguladora do *Mecanismo de Recuperación e Resiliencia* para a realización da análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese.

2. NORMATIVA APLICABLE E DOCUMENTACIÓN UTILIZADA.

Tomáronse en consideración as seguintes normas e documentos:

- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia («DOG» núm. 125, do 03/07/2013, «BOE» núm. 172, do 19/07/2013).
- Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario («BOE» núm. 70, do 23/03/2023).
- Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade («BOE» núm. 233, do 29/09/2021).
- Regulamento de Estudos Propios da USC (Consello de Goberno do 30/03/2023), e a modificación aprobada polo Consello Social do 13 de novembro de 2025 (previo acordo do CdG do 24 de outubro)

- pola que se engade a disposición adicional única ao dito Regulamento, na que se establecen os *prezos públicos e outras tarifas das microcredenciais desenvolvidas ao abeiro da Convocatoria para a presentación de propostas de creación de microcredenciais* do 15 de setembro do 2025.
- Resolución reitoral, do 18 de novembro de 2024, pola que se realiza unha regulación transitoria do réxime de microcredenciais en estudos propios da USC.
 - Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento e execución de microcredenciais, no marco do compoñente 21, investimento 6 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, do 2 de maio de 2025.
 - Convocatoria para a presentación de propostas de creación de microcredenciais subvencionadas para cursos propios da USC, do 15 de setembro do 2025.
 - Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos («BOE» núm. 90, do 15/04/1989).
 - Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia («DOG» núm. 240, do 11/12/2003, «BOE» núm. 12, do 14/01/2004).
 - Decreto 55/2025, do 30 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2025/26 («DOG» núm. 130, do 9/07/2025).
 - Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións («BOE» núm. 276, de 18/11/2003).
 - Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e Addendas correspondentes.
 - Plan de acción para el desarrollo de microcredenciales universitarias en España (PLAN MICROCREDS) do PRTR.
 - Recomendación del Consejo de 16 de junio de 2022 relativa a un enfoque europeo de las microcredenciales para el aprendizaje permanente y la empleabilidad («DOUE» núm. 243, do 27/06/2022, páxinas 10 a 25).
 - Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia («DOUE» núm. 57, do 18/02/2021, páxs. 17 a 75). (Regulamento MRR).
 - Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro de 2024, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión («DOUE» núm. 2509, do 26/09/2024, páxs. 1 a 239). (Regulamento financeiro).
 - Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR («BOE» núm. 234, do 30/09/2021).
 - Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o PRTR («BOE» núm. 21, do 25/01/2023).
 - Informe do técnico da Xerencia da USC, do 8 de agosto de 2025, relativo á análise sistemática do risco de conflito de interese e a emisión da DACI en determinados gastos financiados no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

3. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS.

3.1. *Contextualización: as microcredenciais universitarias.*

As microcredenciais universitarias son un tipo de credencial educativa non convencional, derivadas de actividades formativas de curta duración e focalizadas na adquisición de coñecementos, habilidades ou competencias específicos.

Previstas primeiro por unha norma regulamentaria, o Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade, emerxen con forza despois do seu recoñecemento pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU).¹

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, dedica o capítulo VIII ás ensinanzas propias das universidades: artigos 36 e 37. Establece o primeiro destes artigos que «las universidades en uso de su autonomía podrán impartir otras enseñanzas conducentes a la obtención de otros títulos distintos a los títulos universitarios oficiales [...], que serán definidos como títulos propios». E o artigo 37 regula, dentro dos títulos propios, «la formación permanente», na que se integran as «enseñanzas propias de menos de 15 ECTS que requieran o no titulación universitaria previa, en forma de microcredenciales o micromódulos, que permitan certificar resultados de aprendizaje ligados a actividades formativas de corta duración.» (art. 37.8 RD 822/2021)

De forma análoga, a LOSU establece no artigo 7 que: «1. Las universidades [...] podrán impartir enseñanzas conducentes a la obtención de títulos propios, incluidos los de formación a lo largo de la vida, en los términos establecidos reglamentariamente [...]. 5. La formación a lo largo de la vida podrá desarrollarse mediante distintas modalidades de enseñanza, incluidas las microcredenciales, micromódulos u otros programas de corta duración.»

No marco da USC, o Regulamento de estudos propios (CdG do 30 de marzo de 2023), prevé no seu artigo 4, «modalidades de estudos propios», que: «[...] 4. Os estudos propios cunha carga lectiva inferior a 15 créditos ECTS, requiran ou non titulación universitaria previa e organizados a través de microcredenciais ou micromódulos, denominaranse *Cursos de Formación Específica*.»

Por último, na delimitación deste marco normativo, a USC, co obxecto de que as microcredenciais universitarias en estudos propios respondan aos estándares propostos pola UE (*Recomendación del Consejo de 16 de junio de 2022 relativa a un enfoque europeo sobre microcredenciales para el*

¹ Proba deste crecemento, no ámbito da USC, desde o curso 2022-2023 até o curso 2025-2026 incrementouse en máis dun 100 por cento a oferta de *Cursos de Formación Específica*, que é como denomina o Regulamento de estudos propios da USC aqueles destes estudos que teñen unha carga lectiva inferior a 15 créditos ECTS organizados a través de microcredenciais ou micromódulos.

aprendizaje permanente y la empleabilidad), regula de maneira transitoria pola resolución reitoral de 18 de novembro de 2024 o sistema de proposta, convocatoria e acreditación de microcredenciais.

3.2. **Sobre os prezos das microcredenciais universitarias e a súa aprobación.**

Segundo o artigo 57.4.b) da LOSU «[...] los precios públicos por los servicios académicos y demás derechos que legalmente se establezcan» forman parte do estado de ingresos dos orzamentos da universidade.

Fronte os prezos públicos dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial, que «serán fijados por la Comunidad Autónoma o Administración correspondiente» [art. 57.4.b) LOSU], a fixación dos prezos das ensinanzas propias é competencia do Consello Social da universidade: segundo o artigo 57.4.c), forman parte dos orzamentos «los ingresos por los precios de las enseñanzas propias, la formación a lo largo de la vida y los referentes a las demás actividades autorizadas a las universidades, que deberán ser aprobados junto con los presupuestos anuales en los que se deban aplicar», atribuíndo a competencia para a aprobación destes ao Consello Social [arts. 46.2.f) e 47.2.g) LOSU].

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, no seu artigo 75.3 establece entre as funcións do Consello Social no ámbito económico, financeiro e patrimonial, a de «[...] f) fixar os prezos das ensinanzas propias [...]».

O artigo 37 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, dispón que: «2. [...] Los órganos de gobierno de la universidad regularán mediante una normativa específica como mínimo las condiciones de impartición, las plazas disponibles, el plan de estudios, la participación de profesorado propio de la universidad y del externo, y los precios de dichos títulos [propios] que, en las universidades públicas, serán aprobados por el Consejo Social.»

Por último, o Regulamento de estudos propios da USC, ao regular a «aprobación e supervisión dos estudos propios» (cap. III), entre os elementos que debe conter a proposta para que poida ser aprobada, están: «a) Un orzamento [...]» e «g) A proposta de prezo de matrícula.» (art. 19.4), debendo o orzamento indicar os «ingresos previstos a través das matrículas ou, no seu caso, mediante os convenios asinados» (art. 23.1, cap. IV, «xestión económica dos cursos propios»).

De acordo coa normativa exposta, e en execución do «*Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento e execución de microcredenciais, no marco do Compoñente 21 Inversión 6 (C21-I6) do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationUE*», asinado en Santiago de Compostela o 2 de maio de 2025, do que trae causa a *Convocatoria para a presentación de propostas de creación de*

*microcredenciais subvencionadas para cursos propios da Universidade de Santiago de Compostela, a través da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, publicada con data do 16 de setembro do 2025 – sobre o que volveremos no apartado 7 deste informe –, o Consello Social da USC, en sesión ordinaria do 13 de novembro de 2025 (previo acordo do CdG do 24 de outubro), aprobou a modificación do Regulamento de estudos propios da USC engadindo a *disposición adicional única* na que se establecen os prezos públicos e outras tarifas das microcredenciais desenvolvidas ao abeiro da Convocatoria antedita para a presentación de propostas de creación de microcredenciais.*

3.3. Os prezos de matrícula dos estudos propios e a súa consideración de prezos públicos: a normativa sobre taxas e prezos públicos.

A normativa exposta, en concreto a LOSU e Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, parece que atribúen o cualificativo de *públicos*, nun principio, só aos prezos dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais, como se os prezos polas ensinanzas propias careceran dese carácter. En ámbolos dous casos, como así se desprende da normativa de taxas e prezos públicos, estamos a falar de *prezos públicos*.

Por un lado, os prezos polos estudos propios teñen todo o seu encaixe no «concepto» de *prezos públicos* que establece o artigo 24 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, sobre o que volveremos máis adiante.

Por outro lado, a disposición adicional quinta da Lei 8/1989, do 13 de abril, prevé que: «A partir de la entrada en vigor de la presente Ley, las tasas académicas y demás derechos a que se refiere la letra b) del apartado 3 del artículo 54 de la Ley Orgánica 11/1983, de 25 de agosto, de Reforma Universitaria, tendrán la consideración de precios públicos y se fijarán y regularán de acuerdo con lo establecido en el citado artículo». Esta consideración e remisión, tendo en conta que a letra b) do apartado 3 do artigo 54 LRU contemplaba de forma conxunta tanto as *taxas* por estudos oficiais como por estudos propios, debe entenderse referida hoxe ás letras b) e c) do artigo 57.4 da LOSU, que se refiren, respectivamente, como xa queda dito, aos prezos dos estudos oficiais e das ensinanzas propias, tendo polo tanto en ámbolos dous casos a consideración de prezos públicos.

Por maior abastanza, os decretos que anualmente – en cumprimento do disposto no artigo 57.4.b) da LOSU e, no caso de Galicia, do disposto no artigo 47 do Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia – fixan os prezos públicos pola prestación dos servizos académicos e administrativos nas universidades públicas, mencionan expresamente o carácter *público* dos prezos polas ensinanzas propias. Referenciando o último aprobado en Galicia, o Decreto 55/2025, do 30 de xuño, que fixa os prezos públicos para o curso 2025/2026 nas universidades públicas do SUG, sinala expresamente na súa parte expositiva que «para os restantes estudos [entre os que están os estudos propios non conducentes á obtención de títulos oficiais, que quedan fóra do decreto], os prezos públicos fixaraos o Consello Social da respectiva

universidade, segundo o disposto no artigo 75.3.f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.»

3.4. *O concepto de prezos públicos.*

Delimitados como *prezos públicos* os prezos de matrícula dos estudos propios, interesa mencionar un par de previsións sobre os elementos que definen os prezos públicos na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, en tanto que determinantes da conclusión do presente informe que antes se adiantaba.

Sen necesidade de entrar no detalle da distinción entre taxas e prezos públicos, o suposto de feito é común en ámbolos dous casos. Sinala a exposición de motivos da Lei 8/1989, do 13 de abril, que «tanto la tasa como el precio público arrancan de un mismo supuesto de hecho como es que el Ente público entrega directamente ciertos bienes o presta ciertos servicios por los que es posible obtener a cambio un ingreso», engadindo respecto dos prezos públicos que «la relación que se establece es contractual y voluntaria para quien lo paga».

Na súa parte dispositiva, a Lei define os prezos públicos establecendo que «tendrán la consideración de precios públicos las contraprestaciones pecuniarias que se satisfagan por la prestación de servicios o la realización de actividades efectuadas en régimen de Derecho público cuando, prestándose también tales servicios o actividades por el sector privado, sean de solicitud voluntaria por parte de los administrados»² (art. 24). Neste mesmo sentido, pronúnciase o artigo 43 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, que engade: «[...] a estos efectos se entiende que los servicios sociales, sanitarios y educativos se prestan en régimen de derecho público».

Abordada a cuestión dos prezos públicos, a seguinte cuestión que debe tratarse é a relativa á posibilidade do establecemento de exencións ou reducións dos ditos prezos e, en concreto, no eido dos prezos públicos universitarios.

3.5. *As exencións e reducións dos prezos públicos no ámbito da LOSU.*

Respecto das exencións ou reducións do pago dos prezos públicos e demais dereitos polos servizos académicos, a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, establece o seguinte:

- O artigo 57.4, ao regular o contido do estado de ingresos do orzamentos das universidades, logo de prever que incluírán os ingresos polos prezos públicos, engade que: «b) [...] Asimismo, se

² No suposto de que na prestación dun servizo o realización dunha actividade concorran as notas de obrigatoriedade e non concorrencia, estaríamos ante unha taxa. Estas teñen carácter obrigatorio e tributario e o servizo préstase en réxime de non concorrencia.

consignarán las compensaciones correspondientes a los importes derivados de las exenciones y reducciones que legamente se dispongan en materia de precios públicos y demás derechos».

Aínda que a previsión anterior inclúese na letra b) do artigo 57.4 (relativo aos ingresos polos prezos públicos dos estudos conducentes a titulacións oficiais), resulta igualmente aplicable aos prezos públicos dos estudos propios da letra c). Esta conclusión sopórtase sobre a base dos mesmos argumentos xa expostos no apartado 3.3 do presente informe, ao que nos remitimos, en relación coa letra b) do apartado 3 do artigo 54 da Lei de reforma universitaria, que está na orixe da redacción actual das letras b) e c) do artigo 57.4 da LOSU.

- O artigo 32.6 establece a posibilidade de que as universidades públicas, para garantir o acceso e permanencia nos estudos universitarios, poidan establecer «modalidades de exención parcial o total del pago de los precios públicos y derechos por prestación de servicios académicos que, en cualquier caso, tomarán en consideración la diversidad del núcleo familiar atendiendo a criterios socioeconómicos. El estudiantado con discapacidad y las víctimas de violencia de género y otras formas de violencia contra la mujer tendrán derecho a una bonificación total por los servicios académicos universitarios liquidados en la matrícula en los términos establecidos en la normativa específica y mediante acreditación formal».

O apartado 6 do artigo 32 reitera os criterios que o apartado 4 do mesmo artigo recolle respecto das becas e axudas ao estudo, pero referíndoos ás exencións e reducións do pago dos prezos públicos. As exencións e reducións, sen deixar de ser outra forma de axuda ao estudantado, non participan dos caracteres – como é o pago directo – que definen as becas e axudas que encaixan no concepto xurídico de subvención da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Porén, no suposto das exencións e reducións estamos a falar de axudas ao estudo pero que se integran no réxime do propio prezo público, actuando sobre este. Isto ten a súa relevancia respecto das actuacións financiadas e gastos elixibles do Convenio para o desenvolvemento e execución de microcredenciais, do 2 de maio de 2025, sobre o que volveremos máis adiante, pero antes debe tratarse a cuestión relativa á distinción entre exencións e subvencións.

Noutro orde de cousas, os artigos anteriores, como non podía ser doutro modo, remiten á diversidade de exencións e reducións que veñen legalmente establecidas,³ e que enmarcan a actuación das universidades respecto das exencións ou reducións dos prezos públicos.

³ V.gr.: Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, que prevé o dereito das persoas con discapacidade á gratuidade da ensinanza (artigo 19); Real decreto 671/2013, do 6 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, que prevé para estas unha exención do pago dos prezos públicos por servizos académicos e administrativos (artigo 39); exención do pago de prezos públicos para o estudantado membro de familia numerosa de categoría especial, ou bonificación do 50 por cento no caso de familia numerosa de categoría xeral, consonte ao previsto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas e o Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, e consonte ao disposto na Lei 3/2011, do 23 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia; exencións do pago de prezos públicos no suposto de vítimas de violencia de xénero, consonte ao disposto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro.

3.6. *Exencións e reducións vs. subvencións.*

Delimitado conceptualmente que os prezos de matrícula por estudos propios universitarios son prezos públicos, exposto o réxime xurídico para a súa fixación e aprobación no ámbito das universidades públicas e a posibilidade do establecemento de exencións e reducións, é necesario confrontar estas últimas coa definición e características propias das subvencións.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, define estas no seu artigo 2, como «toda disposición dineraria realizada [...], a favor de personas públicas o privadas, y que cumpla los siguientes requisitos: a) Que la entrega se realice sin contraprestación directa de los beneficiarios. b) Que la entrega esté sujeta al cumplimiento de un determinado objetivo, la ejecución de un proyecto, la realización de una actividad, la adopción de un comportamiento singular, ya realizados o por desarrollar, o la concurrencia de una situación, debiendo el beneficiario cumplir las obligaciones materiales y formales que se hubieran establecido. c) Que el proyecto, la acción, conducta o situación financiada tenga por objeto el fomento de una actividad de utilidad pública o interés social o de promoción de una finalidad pública».

Se non concorre algún dos requisitos expostos non pode falarse de subvencións. No caso das exencións e reducións dos prezos públicos, non concorre o primeiro dos requisitos.

As subvencións implican un pago directo, un desprazamento de fondos públicos (v.gr. becas para o estudo e axudas que leven consigo este pago directo): «[...] es consustancial al instituto de la subvención la entrega de dinero al beneficiario (art. 2 LGS) para la satisfacción de las obligaciones contraídas en el cumplimiento de la actividad o ejecución del proyecto (art. 14.1.a LGS) que se persigue con la subvención» [STS 105/2021, do 28 de xaneiro de 2021, n.º recurso: 2434/2019].

No caso das exencións ou reducións dos prezos públicos non hai transferencia patrimonial, senón unha dispensa ou redución dos ditos prezos públicos, é dicir, unha modulación do ingreso. A doutrina xurisprudencial exclúe do concepto de subvención estas modulacións internas dos ingresos públicos.

No caso que nos ocupa, non hai transferencia patrimonial para o estudante, senón que debido á modulación do prezo, que implica a súa exención ou redución, hai unha minoración para a universidade do ingreso previsto pola matrícula que o estudante debería pagar de non concorrer nel a situación que en cada caso dea lugar ao recoñecemento da exención ou redución – situación que o estudante deberá acreditar na solicitude de matrícula –. E isto sen prexuízo de que a universidade poida facer fronte aos gastos do servizo, cuxa cobertura estaba prevista cos ingresos dos prezos públicos da matrícula, con outros recursos, xa propios, xa de terceiros, e, de ser o caso, deba xustificar o seu destino en función da orixe dos fondos.

O outorgamento das subvencións é constitutivo: o acto da súa concesión crea o dereito do beneficiario a recibir os fondos, un dereito que nace co acto de outorgamento, dando lugar a unha nova relación

xurídica entre a administración e o beneficiario da subvención, suxeita a determinadas condicións (destino dos fondos á actividade subvencionada, xustificación da súa realización, controis de cumprimento, reintegro en caso de incumprimento, etc.).

O recoñecemento das exencións ou reducións de prezos públicos ten carácter meramente declarativo, de confirmación ou recoñecemento dunha situación xa existente.

Non encaixando as exencións e reducións de prezos públicos no concepto xurídico de subvencións, non procede a aplicación dos procedementos de concesión e xestión previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3.7. As microcredenciais universitarias financiadas no marco do PRTR.

3.7.1. O Convenio do 2 de maio de 2025 para o desenvolvemento e execución de microcredenciais universitarias.

Para acollerse ao *Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia* (MRR), en vigor desde o 1 de febreiro de 2021, núcleo do fondo de recuperación *NextGenerationUE* creado polo Consello Europeo con data do 21 de xullo de 2020, España aprobou o seu *Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia* (PRTR) por acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, no que se establecen toda unha serie de medidas para acadar os obxectivos do MRR.

Entre as medidas que establece o PRTR está o *Plan para o Desenvolvemento de Microcredenciais Universitarias* (PLAN MICROCREDS), que ten como obxecto impulsar este tipo de credencial educativa.

Do PLAN MICROCREDS trae causa o «*Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento e execución de microcredenciais, no marco do Compoñente 21 Investimento 6 (C21-I6) do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationUE*», asinado en Santiago de Compostela o 2 de maio de 2025, e en cuxa execución a USC recibirá unha subvención total de 535.141,63 euros,⁴ co obxecto de impartir un mínimo de 11 accións formativas (microcredenciais universitarias), conducentes á emisión de, como mínimo, 642 certificacións dixitais.

En cumprimento do Convenio antedito, a Universidade de Santiago de Compostela, a través da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, publicou con data do 16 de setembro do 2025 a

⁴ A razón de: 422.547,64 euros destinados a custos directos de produción de formación conducentes a microcredenciais; 21.127,38 euros para actividades instrumentais; 21.127,38 para actividades de intermediación; 12.676,51 euros destinados a custos de xestión; 45.273,05 euros para axudas ao acceso; e 12.389,67 euros para avaliación e transferencia.

«Convocatoria para a presentación de propostas de creación de microcredenciais subvencionadas para cursos propios da Universidade de Santiago de Compostela».

3.7.2. As axudas ao estudantado no Convenio do 2 de maio de 2025.

Segundo o Convenio do 2 de maio de 2025, poderán financiarse con cargo a este, entre outras actuacións (cláusula segunda), a seguinte:

«[...] 4. Concesión de bolsas ou axudas ás persoas con rendas baixas, situación de desemprego ou outros factores de vulnerabilidade social, para facilitar o acceso á recualificación. Para estes efectos, considérase rendas baixas aquelas que se correspondan cos limiares de renda 1 a 3 do real decreto ou instrumento normativo anual polo que se establezan os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso escolar. Para a determinación doutros factores de vulnerabilidade social, estarase ao previsto a tal efecto no artigo 32.4 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, ou norma que o substitúa.»

Concreta a cláusula terceira, como requisito relacionado coa actuación antedita, o seguinte:

«1. [...] e) Para o 25% do alumnado a matrícula poderá ser gratuíta ou ter un custe inferior, de acordo con criterios de necesidade económica e social do alumnado. As universidades comprométense a que unha parte da oferta das microcredenciais orientarase a colectivos de persoas en vulnerabilidade social e necesidades formativas específicas, en colaboración con entidades sociais ou con administracións competentes en materia de acción social e/ou migracións.»

E a cláusula sétima ao establecer os *gastos elixibles* inclúe a:

«2.4. Concesión de bolsas ou axudas ás persoas con rendas baixas, situación de desemprego ou outros factores de vulnerabilidade social, para facilitar o acceso á recualificación. Custes asociados ás bolsas e axudas do importe das matrículas dos destinatarios das microcredenciais que teñan rendas baixas, a condición de desempregados e/ou persoas en risco de exclusión social.»

As características do Convenio e os prazos para a súa execución determinan, polas razóns que a continuación se sinalan, que as axudas ao estudantado das microcredenciais se articulen como exencións ou reducións dos prezos de matrícula, sen prexuízo de que puideran articularse mediante unha convocatoria de bolsas ou axudas de carácter competitivo.

No primeiro suposto, de exencións ou bonificacións dos prezos de matrícula, como xa queda exposto nos apartados 3.5 e 3.6 do presente informe, trátase dunha dispensa ou redución dos ditos prezos, e ao non implicar unha transferencia patrimonial aos beneficiarios quedan fóra do ámbito de aplicación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Noutro caso, ao implicar un pago directo aos beneficiarios, aplicaríase esta lei e o procedemento de convocatoria pública que a dita norma prevé.

Ao primeiro modelo responde a base sexta da «Convocatoria para a presentación de propostas de creación de microcredenciais subvencionadas para cursos propios da Universidade de Santiago de Compostela» do 15 de setembro do 2025, publicada o 16 de setembro, na que se establece que:

«Para un 25% do estudantado acollido á presente convocatoria, a matrícula poderá ser gratuíta ou ter un custo inferior, de acordo con criterios de necesidade económica e social. Concretamente, poderán establecerse exencións e bonificacións do prezo de matrícula das microcredenciais ás persoas en situación de desemprego ou noutros factores de vulnerabilidade social para facilitar o acceso á súa recualificación. Para a determinación doutros factores de vulnerabilidade social, estarase ao previsto para tal efecto no artigo 32.4 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, ou norma que a substitúa. Estas axudas concederanse por orde de solicitude ata esgotar a partida orzamentaria fixada por anualidade ou ata alcanzar o 25% das persoas participantes na convocatoria, de acordo co seguinte reparto: para o ano 2025, 31.683€; para o ano 2026, 13.589€.»

O modelo elixido pola Convocatoria responde aos principios de eficacia e eficiencia, garantindo que a execución das microcredenciais se realice dentro do prazo establecido e que a aplicación da redución de prezos públicos ao estudantado se produza desde o primeiro momento, pois será a Universidade a que xustifique os importes deixados de percibir para poder recuperalos. Isto, ademais, permite un tratamento homoxéneo das microcredenciais que se vaian organizando ata chegar á contía prevista no Convenio. Para organizar estas axudas a través dunha convocatoria competitiva que afectase por igual a todas as microcredenciais sería preciso restrinxir a súa organización e que o estudantado non percibise o importe ata que finalizase a resolución da convocatoria, prexudicando a todas as partes e dificultando a xestión.

No modelo adoptado pola Convocatoria do 15 de setembro de 2025, unha vez aprobadas as correspondentes propostas de microcredenciais, será no marco da convocatoria de cada unha destas onde se determinen – dentro dos termos expostos na Convocatoria do 15 de setembro e do Convenio do 2 de maio, e consonte coa normativa aplicable – as exencións ou bonificacións a aplicar, sendo no propio procedemento de matrícula onde os estudantes soliciten a aplicación da exención ou bonificación, que será obxecto dunha mera comprobación formal de acreditación da circunstancia que en cada caso concorra (v.gr. perceptor do Ingreso Mínimo Vital, membro de Familia Numerosa, vítima de violencia de xénero, etc.).

3.7.3. A Declaración de Ausencia de Conflicto de Intereses (DACI) e os estudantes de microcredenciais universitarias beneficiarios de exencións ou reducións dos prezos de matrícula.

O Convenio do 2 de maio de 2025 suxeita a elixibilidade do gasto á normativa reguladora do MRR. Sinala a cláusula sétima:

«1. [...] A elixibilidade de gastos a financiar ao abeiro deste convenio está suxeita ao Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o MRR e os futuros desenvolvementos deste regulamento».

Neste eido, remitímonos ao «Informe relativo á análise sistemática do risco de conflito de interese e a emisión da DACI en determinados gastos financiados no marco do MRR» do 8 agosto de 2025 (https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/moreinfo/2025-09/informe-relativo-a-analise-do-risco-de-conflito-de-interese-e-emision-da-daci.pdf_asinado_gal.pdf) e ás consideracións que nel se fan respecto da análise do instituto do conflito de interese no marco do MRR, da súa prevención e detección ou dos ámbitos obxectivo e subxectivo que determinan os supostos nos que se esixe a dita análise.

Baste das ditas consideracións referir a seguinte (apartado 3.4 do Informe do 8 de agosto de 2025): a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese esíxese cando concorre un elemento subxectivo, que implique o exercicio de competencias ou facultades decisorias, e un elemento obxectivo, necesario para o exercicio das ditas facultades, que é a existencia dun procedemento ou operación de natureza concorrente de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións.⁵

Aplicando o exposto ás exencións e bonificacións dos prezos de matrícula de microcredenciais, por un lado, non concorre o elemento obxectivo: as exencións e reducións dos prezos de matrícula quedan excluídas do concepto xurídico de subvencións. Por outro lado, non concorre o elemento subxectivo: o procedemento de verificación exposto no apartado 3.7.2, para a aplicación da exención ou bonificación, non implica o exercicio de facultades decisorias. Limitase a unha mera comprobación formal da concurrencia da circunstancia determinante da súa aplicación, sen comparación formal entre solicitudes: os solicitantes que cumpran cos requisitos para ser beneficiarios, obterán a exención, sempre, claro está, que existan fondos dispoñibles, en tanto non se esgote o orzamento previsto para este concepto.

Non concorrendo os requisitos esixidos para realizar a análise sistemática do risco de conflito de interese, non é necesario a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) dos estudantes de microcredenciais beneficiarios de exencións ou reducións dos prezos de matrícula.

Para maior abastanza, aínda na adopción doutro modelo, isto é, o de bolsas ou axudas ao estudo no que se tivera realizado un pago directo, unha transferencia de fondos, aos estudantes das microcredenciais, destinadas ao pago dos prezos públicos que constitúen as matrículas, a conclusión respecto da necesidade ou non da emisión da DACI dos estudantes debería ser a mesma: que non se precisa a súa emisión se non

⁵ Para a determinación dos supostos nos que se esixe a análise a análise sistemática do risco de conflito de interese: v. artigo 2 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o PRTR, e apartado 2 da disposición adicional 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamento xerais do Estado para o ano 2023, referidos no Informe do 8 de agosto de 2025.

*se exercitan facultades decisorias, con independencia de que se tivera seguido un procedemento de convocatoria pública.*⁶

O exposto debe entenderse, claro está, sen prexuízo do cumprimento pola USC das obrigas que en materia de información, comunicación, divulgación e publicidade se establecen, derivadas do financiamento con fondos do PRTR, e das obrigas que apliquen en sede de xustificación e seguimento das axudas no marco do Convenio de Colaboración do 2 de maio de 2025 coa Consellería de Educación, Ciencia Universidades e Formación Profesional para o desenvolvemento e execución de microcredenciais, isto é, sen prexuízo da debida xustificación dos importes destinados pola USC ao financiamento da minoración de ingresos, consecuencia das exencións e reducións dos prezos de matrícula das microcredenciais universitarias que finalmente se desenvolvan.

4. CONCLUSIÓNS.

Consonte ao exposto, poden extraerse as conclusións seguintes:

- 1.^a Que as universidades públicas gozan de autonomía para a fixación, a través do Consello Social, dos prezos das ensinanzas propias, entre estas, das microcredenciais universitarias [artigo 57 da LOSU e 37 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro].
- 2.^a Que os prezos das ensinanzas propias, igual que os prezos dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial, teñen a consideración de prezos públicos [DA 5ª da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e artigo 54.3.b) da LRU, en relación co artigo 57.4.b) e c) da LOSU; e Decreto 55/2025, do 30 de xuño, de fixación dos prezos públicos para o curso 2025/2026 nas universidades públicas do SUG].
- 3.^a Que as universidades públicas teñen autonomía para o establecemento de exencións e reducións dos prezos públicos e demais dereitos pola prestación de servizos académicos [arts. 57.4 e 32,

⁶ Neste sentido, interesa referir o Subproxecto C19.I03.P04.SI02 – Proxecto HAZ do Instituto RTVE, financiado no marco dos Fondos Europeos Next Generation, executado en virtude do «Convenio entre la Corporación de Radio y Televisión Española, sociedad anónima, S.M.E., la Universidad de Santiago de Compostela y la Fundación Politécnica de Catalunya para la realización del Máster de Formación Permanente en Periodismo e Inteligencia Artificial», do 22 de maio de 2024, e que trae causa do Real Decreto 219/2022, de 29 de marzo, por el que se regula la concesión directa de una subvención a la Corporación de Radio y Televisión Española, S.A., para la formación en capacidades digitales en el marco del componente 19 del PRTR. Neste caso, respecto da aportación que, sobre a base do convenio, se destinaba en concepto de axudas ao estudo para os estudantes de cada edición do Máster até o fin do período de vixencia do Fondos Next Generation, e no que a USC debía facilitar «información detallada de las ayudas y cuantías otorgadas a los diferentes estudiantes receptores de ellas, así como los documentos justificativos de su abono a cada estudiante» (cláusula cuarta do Convenio do 22 de maio de 2024), respecto da dúbida relativa a se era preciso pasar cos estudantes bolseiros os controis de conflito de interese na ferramenta de data mining (Minerva), desde o Instituto RTVE trasladan a resposta negativa do Ministerio (correo electrónico do 17 de outubro de 2025 dirixido do Instituto RTVE á Oficina Next Generation USC), indicando que só é necesario recoller nesa xustificación as observacións oportunas (en definitiva, que non había proceso de selección e as matriculas abonábanse seguindo o criterio básico da orde de inscrición; sen que, polo tanto, se exerceran facultades decisorias), e aportar a documentación xustificativa das transferencias realizadas co obxecto de acreditar o destino dos fondos (incorporar na plataforma CoFFEE, para a xestión seguimento e xustificación dos fondos, os extractos bancarios ou xustificantes de transferencias individuais onde se reflicten os pagos realizados a cada estudante e a listaxe dos estudantes que recibiron a axuda e o importe da beca concedida).

apartados 4 e 6, da LOSUJ. Forman parte da política tarifaria propia da entidade, que esta pode establecer dentro do marco da normativa aplicable.

- 4.^a Que as exencións e reducións no son subvencións: non existe unha entrega, un pago directo ou un desprazamento patrimonial aos beneficiarios, senón unha dispensa ou redución dos prezos públicos, unha modulación do ingreso para a universidade. Nas subvencións existe unha entrega ou transferencia de fondos [art. 2 da LGS]. As subvencións teñen carácter constitutivo. As exencións ou reducións dos prezos públicos son meramente declarativas.
- 5.^a Que o *Convenio do 2 de maio de 2025 para o desenvolvemento e execución de microcredenciais universitarias* permite configurar as axudas ao estudantado baixo a modalidade de exencións ou reducións dos prezos de matrícula en situacións de vulnerabilidade [cláusulas segunda.4, terceira.1.e), sétima.2.4 do Convenio do 2 de maio].
- 6.^a Que se as axudas ao estudo se articulan como exencións ou reducións dos prezos da matrícula [cláusula sexta da Convocatoria da USC para a presentación de propostas de creación microcredenciais do 15 de setembro de 2025], para o seu recoñecemento non rexe a LGS nin o procedemento de convocatoria pública que esta norma prevé. O recoñecemento terá lugar no proceso de matrícula de cada unha das microcredenciais que finalmente se desenvolvan, e respecto daquel estudantado que así o solicite, limitándose o dito recoñecemento a unha mera constatación, unha mera comprobación formal, dunha situación de vulnerabilidade preexistente (v.gr. perceptor do Ingreso Mínimo Vital, membro de Familia Numerosa, vítima de violencia de xénero, etc.), sen implicar o exercicio de facultades decisorias.
- 7.^a Que o Convenio do 2 de maio de 2025 suxeita a elixibilidade do gasto á normativa reguladora do MRR, e non concorren os elementos que esta normativa esixe para a realización da análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese, non sendo necesaria a emisión da DACI do estudantado beneficiario de exencións ou reducións dos prezos de matrícula das microcredenciais universitarias.

E para os efectos oportunos, emítese o presente informe en Santiago de Compostela, o 5 de decembro de 2025.

O técnico da Xerencia da USC
Félix Navaza Aller

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: FELIX NAVAZA ALLER,

NIF ***9602**, 05/12/2025 08:37:14.

CSV: BF1D-F2A3-4691-A4E5